

**Francisco
Jorquera**



**Para
facerlles
frente**

**Gobernemos nós
a nosa terra !**

#EnBloquePodemos



Gobernemos nós a nosa terra

Galiza precisa con urxencia un proxecto nacional galego para reorientar as súas políticas: **hai que pór Galiza a producir, protexer os servizos públicos esenciais e avanzar en democracia e soberanía.**

Autogoberno para conquistar a soberanía

- Asegurar instrumentos de autogoberno e recursos para unha estratexia de desenvolvemento económico a través da creación da banca pública galega, dun sistema de financiamento para Galiza a través dunha fórmula de concerto que asegure a nosa autonomía financeira real e dunha reforma fiscal progresiva.
- Defender a nosa capacidade de decisión para facer as políticas máis adecuadas ás nosas necesidades.
- Defender directamente os nosos intereses en calquera instancia en que estes se poidan ver en causa.
- Enfrontar a política económica antisocial e antigalega que destrúe os nosos sectores produtivos e impide desenvolvernos, provocando paro, envellecemento da poboación e emigración.
- Máis soberanía é sinónimo de máis democracia. Só acreditando na propia capacidade e exercendo a política en función dos intereses do pobo galego poderase crear emprego, avanzar no benestar e protexer a democracia.

Crear emprego con dereitos

- Apostar por desenvolver todo o potencial económico de Galiza, en todos os sectores estratéxicos nos que Galiza conta con vantaxes comparativas: a produción de enerxía, a produción de alimentos de calidade, a construción naval, a industria do automóbil ou o téxtil, entre outros. Favorecer a aparición de novas actividades e sectores quen de constituíren a base do crecemento futuro.
- Fomentar unha economía produtiva de base industrial reforzada con coñecemento e innovación, impulsando o papel da iniciativa pública para promover unha política industrial.

**Avanzar no
benestar**

Avanzar no benestar

- O BNG inverterá a política do PP, facendo dos servizos básicos (educación, sanidade, servizos sociais) un obxectivo prioritario para asegurar unha estabilidade e seguranza económica mínimas a tod@s @s galeg@s, que lles proporcionen unha vida digna e garanta unha maior cohesión social.
- Apostar pola xestión pública destes servizos básicos.

**Crear
emprego con
dereitos**

Protexer a democracia

- Para asegurar que a acción dos poderes públicos responde aos intereses das maiorías sociais.
- Para protexer dereitos que custou décadas conquistar e que, coa escusa da crise, a dereita representada polo PP pretenden liquidar.
- Afondar na democracia introducindo instrumentos de participación e control cidadán directo e garantindo, co establecemento dunha circunscrición única e dun sistema electoral proporcional, que o voto de todos os galegos e galegas vale o mesmo e que o Parlamento representa á cidadanía real, diversa e plural, de Galiza.
- Regulación das consultas populares co fin de asegurar que as decisións políticas relevantes, como orzamentos, xestión de servizos e recursos públicos, organización territorial, dereitos e liberdades, sexan tomadas directamente pola cidadanía.

**Protexer a
democracia**

**Autogoberno
para
conquistar
a soberanía**



En Bloque podemos !

O BNG solicita o apoio das galegas e dos galegos nestas eleccións para facerlles fronte a estas políticas. Non é o momento dunha alternancia política para que todo siga igual. Galiza precisa unha alternativa real, **un cambio profundo de políticas e non só de políticos.**

O BNG é unha forza con capacidade de iniciativa e solvencia, con forza para mobilizar á sociedade galega en favor dun outro rumbo, con alternativas factíbeis e con capacidade para estar xunto coa sociedade nos seus problemas e necesidades.

O BNG é a única opción nacionalista e popular de verdade. O apoio ao BNG servirá para que Galiza exista e pese no Estado e que as clases populares galegas estean defendidas. O BNG é unha forza nacionalista que defende o autogoberno e os intereses de Galiza sen ter que chamar a ninguén a Madrid; o BNG é unha forza política de esquerda que defende os intereses da maioría social, a xustiza e a distribución da riqueza, os servizos públicos universais e gratuítos, e os dereitos e as políticas sociais.

É preciso dar máis forza ao BNG.

Para facerlles frente

O BNG ten unha traxectoria de oposición coherente e contundente, tanto nas mobilizacións sociais como nas institucións, ás políticas ditadas polas elites económicas que executan a Unión Europea, os gobernos españois (antes do PSOE e agora do PP) e a Xunta de Galiza. Están aplicando un programa incesante de recortes nas conquistas e dereitos económicos e sociais, para destinar inxentes cantidades de recursos públicos ao beneficio privado:

rúbase ao pobo para salvar e rescatar á banca privada da crise financeira que provocaron.

O PP ten dous obxectivos claros: centralizar máis o Estado español e destruír o malparado estado do benestar. **Para concentrar o poder económico precisan concentrar o poder político. Para aplicar o programa dos mercados precisan reducir a cinzas a democracia e a soberanía.** Avanzan cara un Estado que nega soberanía ás nacións e aos cidadáns para cederlla aos que mandan en Europa. Distancian a capacidade de decisión das nacións e do pobo. Así reducen o gasto social que soportan as autonomías e os dereitos sociais conquistados historicamente, e aumentan o deterioro económico da maioría da sociedade.

Nin Feijoo nin Rajoy din o que van facer despois do 21 de outubro. Seguirán impoñendo máis sacrificios, como lles ordenan os grandes centros de poder económico e financeiro.

Feijoo foi o peor Presidente co peor goberno da historia de Galiza. Galiza está hoxe peor que hai 3 anos e medio: menos autogoberno, menos benestar e menos democracia.



www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque



Candidatura do BNG pola provincia de Pontevedra

1. Carlos Aymerich Cano.
2. Carme Adán Villamarín.
3. Montse Prado Cores.
4. Luís Bará Torres.
5. Daniel Rodas Chapela.
6. Marta Dacosta Alonso.
7. Pedro Pereira Fernández.
8. Mar Vila López.
9. Xosé Manuel Méndez Díaz.
10. Iria Aboi Ferradás.
11. Xesús López Carreira.
12. Rosa Abuín Rodríguez.
13. Xosé Ignacio Fernández Zárrega.
14. Patricia Rodríguez Mariño.
15. Xosé Magariños Maceiras.

16. Margarita Caldas Moreira.
17. Xosé Novas Piñeiro.
18. Cecilia Pérez Orge.
19. Manuel González Moreira.
20. Victoria Canoura Leira.
21. Cecilia Tarela Barreiro.
22. Bieito Lobeira Domínguez.

Suplentes

1. Xavier Rodríguez Fernández
2. María Cristina Hermida Moinelo
3. Xosé Luís Martínez Blanco
4. María Cristina Fojo Campos
5. Fernando Herrero Caramés

